ENTREVISTA A RAMÓN PIÑEIRO NA RADIO GALEGA (30/03/1985)

A Guerra civil, cando tiña 21 anos

A guerra influíu moito en min, porque influíu en todo o mundo, e a min por razón de idade. A miña xeración, por razón da idade foi afectada polo feito da guerra civil no orde íntimo, persoal, en primeiro lugar, polo choque tremendo; porque na perspectiva dos rapaces daquel tempo non había a posibilidade de imaxinar unha guerra civil.

O feito mesmo da súa dureza xa foi un choque moral profundo, un trauma moral, e no orde intimo influíu no senso de que eu tiña aqueles anos, e precisamente polo entusiasmo galeguista e pola preocupación de colaborar no desenvolvemento de Galicia nun campo que me gustaba, e que fora necesario, pois naqueles tempos eu soñaba con ser lingüista, dedicarme á filoloxía e a lingüística para poder traballar no estudo e na normalización da nosa lingua.

Pero a experiencia da guerra, vivida en todas as súas dimensións, primeiro no terror represivo, despois na guerra mesma, no fronte, produciume un cambio de actitude íntima e naceume unha preocupación distinta, unha preocupación ou vocación filosófica.

17 anos

Era un rapaz que viña a Lugo desde Sarria, dunha aldea, tímido pero co entusiasmo galeguista recentemente descuberto... E deseguida liguei con outros rapaces da miña idade -Antón Figueroa, Lorenzo Varela, Mouriz e outros...- rapaces que eran compañeiros de estudos en Lugo e de xeración, que compartiamos o mesmo entusiasmo, polo que decidimos crear unha Mocidade galeguista. Existía xa un grupo do Partido Galeguista, e nós creamos unha Mocidade galeguista.

17 anos, primeiro mitin con Otero, Bóveda, Castelao...

A culpa foi de Otero Pedrayo. Otero viñera dar unha conferencia ao Instituto de Lugo, invitado polos estudantes, e estiveramos esa tarde enteira falando os dous ata a hora da conferencia. Estiveramos na Terraza do Méndez Núñez, onde se hospedaba. Falamos moito... eu preguntáballe cousas, porque para min era unha ocasión tan excepcional... Eu lía moito na Biblioteca Provincial, que había bastantes cousas galegas, preguntáballe moito e o home quedou tan compracido e amigo meu, que cando idearon aquel "Mítin das arengas", que era un mitin no que ían falar 20 oradores, cada un cinco minutos, foi Otero Pedrayo quen propuxo que me incluísen nesa lista de oradores.

Introvertido, non tristeiro

Son introvertido; tristeiro, non. Teño propensión e facilidade para a introversión no mundo interior. Pero esa actividade reflexiva ou introvertida non é melancólica, é dicir non tristeiro.

E son pacífico por temperamento, pero varias persoas de Galicia e máis de fora me dicían estes días: é que ti es unha persoa tranquila que incluso irradias tranquilidade... Son tranquilo no senso de pacífico, pero si moi nervioso, enormemente nervioso, é dicir que a tranquilidade é externa, pero interiormente ás veces estou nunha tensión emotiva ou nerviosa que non se reflicte, pola introversión. Pero esa tranquilidade, así, é un pouco aparente.

Vexo o intelectual e non o militante político

O de militante político – cun predominio da acción política como obxectivo permanente e apremiante – vivino na clandestinidade. Daquela había que facelo, porque había pouca xente disposta a correr riscos, e uns cantos que tiñamos conciencia do noso deber, de reivindicar os dereitos de Galicia, que estaban unidos á democracia, asumímolos... Nesa etapa si que tiña evidentemente unha actividade, unha actitude e unha conciencia de responsabilidade política permanente.

Pero fóra desa etapa, realmente, eu teño ideais políticos pero non militancia política. É dicir: Evidentemente, a visión política téñoa en canto a unha idea de Galicia, e un ideal ao servizo de Galicia, pero non unha militancia belixerante, por exemplo partidista, a unha militancia de confrontación.

Amigos ou inimigos na política

Cando a política que se fai é unha política na adversidade, os que actúan son xente seleccionada, xente que é capaz de sacrificar cousas persoais por un ideal, que e capaz de arrostrar sacrificios e de asumilos, xa ten unha predisposición moral á solidariedade, á amizade, á fraternidade, porque incluso é unha situación que precisa diso...

Unha política puramente reivindicativa, de ideais nunha situación adversa, crea unha solidariedade que é necesaria, que é vital, para poder facer, para poder actuar.

Nese senso, a política produciume moitos amigos; teño moitos amigos, uns están no poder, en altos cargos... están por todo o país. Os amigos daqueles tempos siguen sendo amigos actualmente.

Pero é distinto cando actúas na política xa coa belixerancia de partido ou loitas polo poder. Non loitas tanto pola reivindicación duns dereitos, como polo poder para realizar

uns obxectivos. Na loita polo poder, evidentemente que se crean amigos e inimigos, inevitablemente. Eu tiven a sorte de que actuei na etapa na que se creaban sobre todo amigos.

Amigos e inimigos

Teño moitos amigos, dentro e fora de Galicia. É probablemente a cousa na que son máis rico, na cantidade de amigos que teño polo mundo, en diversos países, e desde logo estou moi contento porque niso a vida foime moi grata, moi xenerosa. Conto con moitos e profundos amigos.

Para ser meu amigo, non hai un canon prefixado, en realidade ter afinidades humanas e espirituais que permiten unha comunicación íntima, unha comunicación profunda, unha confianza mutua, isto é máis fácil cando convives no mesmo campo de interese, de intereses culturais, de intereses de ideais, de intereses morais, é máis doado, pero de todas formas non hai unha delimitación de cualidades.

Inimigos, propiamente inimigos, non creo. Adversarios ideolóxicos, xente que milita en campos distintos e que fai críticas, pero non inimigos realmente eu non coñezo ningún inimigo ou sexa que corresponda en negativo ao amigo; a verdade non os coñezo.

1950: Galaxia

Fundamos Galaxia un grupo de superviventes da Guerra Civil. Naquel momento convencémonos de que a pura actuación clandestina non ía producir o cambio de réxime necesario para Galicia, e poder recobrar a liberdade política.

Convencidos de que a situación internacional consolidara a Franco no poder e que non se sabía o que Franco ía a durar -non pensabamos que ía durar tanto-, convencémonos de que pola conspiración clandestina non se ía poder derribar.

Entón decidimos continuar o labor clandestino para estar en contacto coa oposición e para estar presentes, e que Galicia estivera presente na oposición, pero sabendo que iso non bastaba, non pasaba dese ámbito, consideramos que era necesario actuar publicamente, que había novas xeracións que non saian nada de Galicia, que xa non tiñan contacto co pasado cultural de Galicia, e que era necesario tomar contacto con eles, contacto que non se podía facer politicamente xa que había un rigor represivo moi duro...

Daquela ideamos que a única forma de tomar contacto público coas novas xeracións e co País era creando unha editorial, unha empresa comercial, industrial, que era a cobertura legal, destinada a publicar libros... E por medio dos libros e de todas as iniciativas que foi desenvolvendo Galaxia, conseguimos tomar contacto coas novas xeracións que estaban na Universidade, permitiunos unir a tódolos superviventes da guerra civil que estaban

cada un acochados no seu tobo, e reconstruír unha presencia pública do galeguismo, non manifestado politicamente senón culturalmente.

A creación de Galaxia foi unha vontade colectiva do grupo que estabamos actuando na clandestinidade, para iniciar unha actividade pública naquel momento de vacío, de retracción, e aínda de terror.

A primeira publicación que fixo Galaxia foi un caderno colectivo, puxémoslle "Presencia de Galicia", simbolicamente... E a unha colección chamámoslle Grial, como unha alusión á vinculación cultural de Galicia con Europa; unha lenda europea que tamén ten presencia en Galicia... Todos eran recursos simbólicos para poder iniciar unha presencia pública en Galicia que renovara, avivara, despertara a conciencia e o sentir galego.

Exilio interior

Sería unha propensión temporalmente miña refuxiarme no mundo interior e na filosofía, porque xa se me despertara ea vocación, pero como había a responsabilidade da defensa dos dereitos de Galicia, dos dereitos da nosa cultura, da nosa historia, do noso pobo, e era ademais unha responsabilidade compartida por un pequeno grupo pero moi intensamente vivida, entón claro non había exilio, había un campo de batalla.

A saudade

Os meus traballos sobre a saudade foron o o comezo. Pretendía facer un libro de antropoloxía cultural galega, ou unha antropoloxía filosófica da saudade e da personalidade galega colectiva, polo que estes eran uns cantos ensaios. Faltaban outros tres ou catro para completar o ciclo, pero nunca o puiden facer precisamente por iso de dedicarme a moitas cousas urxentes, apremiantes. Ao ter pouca capacidade para negarme, un vai adquirindo compromisos.

Pertenzo a bastantes entidades que había que axudar a impulsar ou organizar. E, claro, tamén as actividades políticas neses anos, había que estar no fronte da loita política e había que atender aos rapaces, ás xeracións novas que ían chegando. Como había pouca persoas a quen acudir, acudían a nós, ás poucas persoas que había... A verdade é que non tiven tempo. E unha frustración que teño a de non ter rematado o libro.

Agora, uns amigos tiveron a idea de reunir os ensaios aqueles nun libriño. E ao lelos para corrixir as probas, todos xuntos, quedei sorprendido porque xa os tiña esquecidos e dáme cousa non ter rematado o libro; non ter desenvolto todo o que eu cría que podía explicar, a visión filosófica da saudade, que podía explicar da personalidade galega.

A lingua

A preocupación pola lingua, para min, era naquela época da mocidade galeguista, un gran entusiasmo.

Fole, Pimentel e mais eu nos reuníamonos na casa de Pimentel, e eu vía a necesidade que había de estudar a lingua. Daquela non había lingüistas en Galicia e o galego non estaba en absoluto normativizado nin normalizado nin nada...

Había esa necesidade, polo que eu, como unha manifestación digamos do meu entusiasmo galeguista, estaba ..... a lingüística con proxección sobre o galego, sobre a lingua, porque de todas formas a lingua é terriblemente suxestiva. Pero non é que fora eso a gran ilusión da miña vida, pero si era unha gran entusiasmo, unha aspiración.

A ilusión da súa vida

Non unha en concreto; sempre me sentín vencellado a moitas...

Quizais despois da guerra, unha ilusión miña houbera sido ser catedrático de Filosofía nun centro escolar, nunha Universidade. Como moitos compañeiros meus son, así podería ser eu tamén catedrático de Filosofía.

Pero iso non chegou a quitarme o sono, porque iso é o que eu sacrifiquei pola loita política, porque considerei moralmente superior os deberes que tiña como galeguista... Ter tratado a Bóveda, Castelao, Otero.... Ser amigo de todos eles, compartir con eles o galeguismo daqueles anos, a acción galeguista dos anos trinta, en certa maneira como supervivente daqueles, igual que lles pasou a outros compañeiros meus, sentíamonos co deber moral de manter viva aquela herencia, aquela bandeira.

Foi decisión común de todos nós, un deber patriótico superior a calquera interese persoal, era a actitude que tiñamos todos, igual que se arriscaba a liberdade, tamén se sacrificaban as aspiracións persoais.

Tiven a sorte, neste aspecto, da identificación... Nunca na familia ningunha reserva, sempre aceptaron e colaboraron incluso a que eu cumprira o que cría que era o meu deber co pais, co pobo, coa nosa terra.

Profeta na nosa terra

Se ninguén é profeta na súa terra, non me sinto profeta na miña terra. O único en relación con isto que podería dicir, o que sinto na terra é unha actitude de cordialidade espontánea en moita xente que non ten relación directa ou que no ten encontro, eso é diriamos unha especie de identificación co que pode significar o meu comportamento

galeguista, é dicir unha manifestación de galeguismo, de solidariedade galeguista, eso si que o noto en bastantes sitios de Galicia, pero diso a ser profeta hai unha grande distancia; ese feito espontáneo, sinxelo, de simpatía cordial, eso si haino.

Lugués, santiagués...

Para min, todo vai moi unido... O ser de Láncara, o ser galego; Lugo é a Miña cidade natural, porque fun ali vivir na infancia, logo na adolescencia estudei ali, polo tanto as murallas son miñas como dos habitantes da cidade, pero todo iso non limita, todo está integrado, como Galicia tampouco te aílla do mundo. Síntome galego, e síntome español e síntome europeo; síntome humano.

E dicir, creo que niso non hai que poñer fronteiras; na proxección digamos humana cara aos demais, na apertura humana cara ao resto do mundo non hai que poñer fronteiras.

Presidente do Consello da Cultura

Fun Presidente do Consello da Cultura sen a miña vontade. Eu non me votei e procurei que non me votaran, pero é unha cousa que che ven imposta, e entón síntome identificado co Consello e cos demais compañeiros pero non era unha meta miña. Isto é, mais ca nada o imperativo moral de cumprir co meu pobo e de cumprir coa miña terra, de facer realmente o que podo facer. Esa é a meta, e a esa meta nunca se da chegado de todo. Sempre queda máis que facer,